



Datos do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO		
Unidade Tramitadora:		
Promocion e Emprego – MAM		
Número expediente:	Documento:	
EMP/1534/2020	EMP15I166	
4V2K726D623D2D0F0GXP		

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por resolución da Deputación Provincial da Coruña publicada no BOP o 28 de outubro de 2020 se aproba a concesión definitiva dunha subvención ao Concello de Narón por importe de 457.292,78 €, para a concesión de axudas por parte do Concello de Narón para impulsar a actividade económica e o emprego no termo municipal de Narón, e contribuír a paliar na medida do posible os danos derivados da pandemia da COVID-19 nas microempresas e autónomos.

O 30 de outubro de 2020 o Concello de Narón aproba por Resolución de Alcaldía as bases e convocatoria de concesión de axudas correspondentes ao Fondo de financiación para a reactivación económica e social PEL-REACTIVA, publicado o seu extracto no BOP da Coruña (número 187) o 5 de novembro de 2020.

Dando cumprimento aos apartados 3º e 4º de dita resolución, valoradas as solicitudes presentadas conforme ao establecido na Base 6ª da convocatoria, concedido o prazo de 10 días hábiles para a corrección dos defectos apreciados na solicitude ou achegar canta documentación e información complementaria estimaran oportuna, e de acordo co contido na Norma 10 da convocatoria da Deputación da Coruña pola que se aproba a liña de axudas PEL-REACTIVA, a Alcaldía por resolución de concesión provisional de data 26 de febreiro de 2021, aproba a concesión de subvencións, as solicitudes desestimadas, as desistidas, as non admitidas a trámite e as solicitudes de renuncia.

Unha vez publicada a Resolución de concesión provisional no BOP de 3 de marzo do 2021, a efectos de notificacións, de acordo co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e rematado o prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións, o órgano instructor procede ao exame e revisión das alegacións presentadas.

Na propia Norma 10 da convocatoria da Deputación da Coruña establécese que a resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto mentres non se lle notifique a resolución de concesión definitiva, e que de existir alegacións por parte dos interesados deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva de subvencións, polo que o órgano instructor eleva a seguinte proposta á Comisión de Valoración para que ditamine de conformidade ou desconformidade os expedientes, para someter á aprobación do órgano competente.

A Comisión de Valoración formada pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, Dña. Yolanda Martínez García, a Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Servizo Sociocomunitario, Dña. Angela María Lagoa Ferreira, a Concelleira de Formación e Emprego, Dña. Natalia Hermida Rico, e actuará como Presidente a Secretaria substituta do Concello, Dona María Ángeles Manteiga Fulgueira. Reúnese o día 30 de marzo de 2021,

para valorar as solicitudes incluídas na proposta do órgano instructor (EMP15I15D) e emitir ditame expresando a relación de solicitantes para os que se propón a estimación/desestimación, inadmisión a trámite, e renuncia de solicitantes, así como o importe que se concede, de ser o caso.

Quedan resoltas as observacións realizadas no informe de fiscalización da Intervención Xeral (ICO15I02C) de data 25 de febreiro de 2021.

Rematado o prazo concedido para presentar alegacións, e unha vez resoltas as mesmas, a Xefa do Servizo Sociocomunitario en data 30 de marzo de 2021 emite Informe-Proposta (EMP15I15F) de concesión definitiva de subvencións para as axudas PEL-REACTIVA: Fondo de financiamento para a Reactivación económica e social da provincia da Coruña, destinado aos Concellos de menos de 50.000 habitantes.

Visto o informe emitido pola Intervención Xeral o 5 de abril de 2021 (ICO15I04X) fiscalizando de conformidade con observacións o informe proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario de 30 de marzo do 2021, deixando constancia do que se establece no Anexo: Observacións.

Visto que no apartado 4º do ANEXO: OBSERVACIÓN, do citado informe de fiscalización, se indica que algúns dos beneficiarios non están ordenados por orde de puntuación.

Visto que por un erro de transcripción algún beneficiario non figura na posición que lle corresponde na táboa, toda vez que a corrección deste erro non altera o número de beneficiarios propostos por reunir a totalidade de requisitos e aportar a documentación requirida na convocatoria.

A convocatoria de Deputación da Coruña (BOP 12/8/2020), pola que se aproba a liña de axudas 1.3 PELREACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN, na súa norma 10 establece que será a Alcaldía, a que ditará resolución de concesión definitiva.

Existe consignación adecuada e suficiente na aplicación 2410.47900, código de proxecto 2020 3 00000 52, operación contable A 220200017688.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 28/2003.
- Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local.
- R.D.L. 2/2014, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Ordenanza Municipal de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento en vigor.
- Resolución nº 2020/24109, de data 7 de agosto de 2020, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP de 12 de agosto de 2020.
- Informe xurídico emitido pola Secretaría Xeral (PER14I2DV)
- Bases e convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía o 30 de outubro de 2020.

En base ao anterior, e tendo en conta que a Norma 10 da convocatoria da Deputación da Coruña pola que se aproba a liña de axudas PEL-REACTIVA establece que, de existir alegacións por parte dos interesados, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva de subvencións, esta Alcaldía no uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación, ven en **RESOLVER**:

PRIMEIRO.-Procede estimar as seguintes alegacións, polos motivos que se indican, presentadas polos seguintes solicitantes:

1.1 Nº de expediente: EMP/1646/2020 Solicitante: B15406465

Causa de desestimación resolución provisional: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual).

Síntese das alegacións: O documento “certificado de situación en censo” que consta no expediente, expedido pola Axencia Tributaria, contén a mesma información que o solicitado, polo que aporta ambos certificados da Axencia Tributaria.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación referida á situación censal, constátase que a información contida nos certificados emitidos pola Axencia Tributaria é a mesma, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.2 Nº de expediente: EMP/1666/2020 Solicitante: J70412697

Causa de desestimación resolución provisional: Superar a contía máxima do financiamento dispoñible fixado na base 3ª (crédito orzamentario). Inclusión no Grupo III.

Síntese das alegacións: Non se tivo en conta a declaración responsable que acredita os requisitos para ser beneficiaria da axuda na que se indicaba que a empresa pertence ao Grupo I, e que toda a documentación foi presentada en tempo e forma.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a mesma foi presentada en tempo e forma, e que a declaración responsable é correcta, indicando que pertence ao Grupo I, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.3 Nº de expediente: EMP/1670/2020 Solicitante: 76409632K

Causa de desestimación resolución provisional: Falta documentación indicada na base 4.3 (CIF ou NIF) /Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual).

Síntese das alegacións: A tramitación do expediente fíxose co seu certificado dixital, e que o documento “certificado de situación en censo” que consta no expediente, expedido pola Axencia Tributaria, contén a mesma información que o solicitado, polo que aporta o DNI en vigor e certificado da situación censal emitido pola Axencia Tributaria.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o DNI presentado xunto coa solicitude estaba caducado, pero a súa validez quedaba prorrogada por un ano, ata o 13 de marzo de 2021, polo Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Respecto do “certificado de situación no censo” constátase que a información contida nos certificados emitidos pola Axencia Tributaria é a mesma, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.4 Nº de expediente: EMP/1674/2020 Solicitante: 32674743T

Causa de desestimación resolución provisional: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censal).

Síntese das alegacións: O documento “certificado de situación en censo” que consta no expediente, expedido pola Axencia Tributaria, contén a mesma información que o solicitado.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a información contida no certificado presentado emitido pola Axencia Tributaria é a mesma que constaría no “Certificado de situación censal”, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.5 Nº de expediente: EMP/1682/2020 Solicitante: 32719084C

Causa de desestimación resolución provisional: Falta documentación indicada na base 4.3 (CIF ou NIF) / Modelo T-TES-01 incompleto. Non está asinado pola persoa solicitante ou, no seu caso, representante.

Síntese das alegacións: O DNI presentado coa solicitude, aínda que estaba caducado, tiña prorrogada a súa validez polo Real Decreto-lei de medidas urxentes extraordinarias para afrontar o impacto económico e social do COVID-19, aprobado polo Consello de Ministros, e que o modelo T-TES-01 xa consta no Concello noutro expediente. Aporta o DNI en vigor.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o DNI presentado xunto coa solicitude estaba caducado, pero a súa validez quedaba prorrogada por un ano, ata o 13 de marzo de 2021, polo Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Respecto do modelo T-TES-01 xa indicaba na súa solicitude que constaba noutro expediente tramitado por este Concello, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.6 Nº de expediente: EMP/1686/2020 Solicitante: 32674363B

Causa de desestimación resolución provisional: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2 (ao corrente coa TXSS).

Síntese das alegacións: Nas datas de presentación da solicitude e destas alegacións estaba ao corrente coa Seguridade Social, aportando as certificacións que así o acreditan.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a información solicitada á TXSS, previa autorización do solicitante, acreditaba a existencia de débedas, pero queda acreditada a non existencia de débedas cos documentos aportados, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.7 Nº de expediente: EMP/1713/2020 Solicitante: 32709019Y

Causa de desestimación resolución provisional: Non cumprir os requisitos do grupo I.

Síntese das alegacións: Na declaración responsable que acredita os requisitos para ser beneficiaria da axuda indica que a empresa é do grupo I, achegando o documento que acredita a resolución favorable do ERTE para a opción do Grupo III,

aportando unha nova declaración responsable coa opción de beneficiaria do Grupo III.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a opción do grupo na declaración responsable era incongruente coa presentación da resolución favorable do ERTE, polo que procede estimar as alegacións presentadas e a súa inclusión no Grupo III.

1.8 N° de expediente: EMP/1739/2020 Solicitante: B70196217

Causa de desestimación resolución provisional: Non cumprir os requisitos do grupo I.

Síntese das alegacións: o RD 463/2020, de 13 de marzo, non fai mención ao CNAE na relación de equipamentos e actividades cuxa apertura ao público queda suspendida, e que a empresa desenvolve, entre outras, as actividades de organización de congresos, asembleas e similares, actos e celebracións públicos e privados, organización de todo tipo de eventos, como parques de recreo, feiras e servizos relacionados co espectáculo, parques, exposicións ou recintos feirais (CNAE 8230), actividades que si están recollidas no anexo do RD 463/2020 como actividades suspendidas. Aportan documentación acreditativa das anteriores actividades e da prohibición para exercer a actividade.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que as actividades mencionadas están recollidas na relación de equipamentos e actividades cuxa apertura ao público queda suspendida, incluída como anexo do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.9 N° de expediente: EMP/1803/2020 Solicitante: 32674394L

Causa de desestimación resolución provisional: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2 (ao corrente coa AEAT).

Síntese das alegacións: Está ao corrente coa Axencia Tributaria, polo que adxunta certificados de non ter débedas.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a información solicitada á AEAT, previa autorización do solicitante, acreditaba a existencia de débedas, pero queda acreditado a non existencia de débedas nas datas de solicitude e de presentación de alegacións cos documentos aportados, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.10 N° de expediente: EMP/1815/2020 Solicitante: B70028600

Causa de desestimación resolución provisional: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2 (ao corrente coa AEAT).

Síntese das alegacións: Coa solicitude da axuda presentou, entre outros documentos, o certificado expedido pola Axencia tributaria estatal de data 6 de novembro e por si houberse algunha causa sobrevida solicitan outro certificado no que conste que non existen débedas, polo que adxunta os certificados da Axencia tributaria.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que coa solicitude non foi aportado o certificado expedido pola Axencia tributaria estatal de data 6 de novembro, pero si que na propia solicitude autoriza ao Concello para obter dita información. De acordo cos datos

consultados á AEAT, a situación do solicitante era de non estar ao corrente do pago de débedas tributarias en período executivo, pero queda acreditado a non existencia de débedas nas datas de solicitude e de presentación de alegacións cos documentos aportados, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.11 N° de expediente: EMP/1839/2020 Solicitante: B15974405

Causa de desestimación resolución provisional: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2 (ao corrente coa AEAT).

Síntese das alegacións: Aporta certificados positivos da AEAT no día da solicitude e da resolución provisional.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a información solicitada á AEAT, previa autorización do solicitante, acreditaba a existencia de débedas, pero queda acreditado a non existencia de débedas nas datas de solicitude e de presentación de alegacións cos documentos aportados, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.12 N° de expediente: EMP/1865/2020 Solicitante: 32629199L

Causa de desestimación resolución provisional: Falta documentación indicada na base 4.3 (Informe Vida laboral do CCC dende 01/03 á data solicitude).

Síntese da alegación: Presentación de toda a documentación requirida en tempo e forma, polo que adxunta o informe de Vida laboral e xustificante da súa presentación.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que consta o Informe de inexistencia de inscrición como empresario no sistema da seguridade social e que non foi tido en conta para a resolución do expediente, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.13 N° de expediente: EMP/1973/2020 Solicitante: B70272109

Causa de desestimación resolución provisional: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2 (ao corrente coa AEAT).

Síntese da alegación: O solicitante atópase ao día nas súas obrigas coa AEAT, de acordo cos certificados que aporta.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a información solicitada á AEAT, previa autorización do solicitante, acreditaba a existencia de débedas, pero queda acreditado a non existencia de débedas nas datas de solicitude e de presentación de alegacións cos documentos aportados, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.14 N° de expediente: EMP/1995/2020 Solicitante: B70378153

Resolución provisional: Non constan datos do solicitante na resolución.

Síntese da alegación: O expediente non aparece en ningún dos listados que recolle a resolución provisional de concesión.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase a solicitude presentada en tempo e forma, que o solicitante reúne os requisitos para ser beneficiario, non incluíndose, por erro, na resolución provisional de concesión polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.15 N° de expediente: EMP/2047/2020 Solicitante: J70601117

Resolución provisional: Non constan datos do solicitante na resolución.

Síntese da alegación: O expediente non aparece en ningún dos listados que recolle a resolución provisional de concesión.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase a solicitud presentada en tempo e forma, que o solicitante reúne os requisitos para ser beneficiario, non incluíndose, por erro, na resolución provisional de concesión polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.16 N° de expediente: EMP/2065/2020 Solicitante: 32715254P

Resolución provisional: Falta documentación indicada na base 4.3 (CIF ou NIF) / Falta documentación indicada na base 4.3 (Informe Vida laboral do CCC dende 01/03 á data solicitud).

Síntese da alegación: Toda a documentación requirida xa foi entregada, aportando novamente a mesma.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o informe de vida laboral xa constaba no expediente e non se tivo en conta para a resolución do expediente. Respecto do DNI, ao estar presentada a solicitud cos seus documentos asinados co certificado electrónico, prevalece a acreditación da personalidade do interesado coa sinatura electrónica, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.17 N° de expediente: EMP/2139/2020 Solicitante: J15720071

Causa de desestimación resolución provisional: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2 (ao corrente coa AEAT).

Síntese da alegación: O solicitante está ao corrente coa AEAT, aportando o documento que así o acredita.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a información solicitada á AEAT, previa autorización do solicitante, acreditaba a existencia de débedas, pero queda acreditado a non existencia de débedas nas datas de solicitud e de presentación de alegacións cos documentos aportados, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.18 N° de expediente: EMP/2199/2020 Solicitante: 32624410Z

Causa de desestimación resolución provisional: Modelo T-TES-01 incompleto. Non está asinado pola persoa solicitante ou, no seu caso, representante.

Síntese da alegación: O documento T-TES-01 foi presentado asinado tanto polo solicitante como polo banco.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o modelo T-TES-01 é correcto e que non foi tido en conta para a resolución do expediente, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.19 N° de expediente: EMP/2205/2020 Solicitante: 32628198F

Causa de desestimación resolución provisional: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2 (ao corrente coa AEAT).

Síntese da alegación: O solicitante atópase ao corrente coa AEAT, aportando o documento que así o acredita.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a información solicitada á AEAT, previa autorización do solicitante, acreditaba a existencia de débedas, pero queda acreditado a non existencia de débedas nas datas de presentación da solicitude e de alegacións cos documentos aportados, polo que procede estimar as alegacións presentadas

1.20 N° de expediente: EMP/2249/2020 Solicitante: 32678638P

Causa de exclusión: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2 (ao corrente coa AEAT).

Síntese da alegación: Está ao corrente coa AEAT.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a información solicitada á AEAT, previa autorización do solicitante, acreditaba a existencia de débedas, pero queda acreditado a non existencia de débedas na data de presentación da solicitude cos documentos aportados, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.21 N° de expediente: EMP/2263/2020 Solicitante: 32634850N

Causa de desestimación resolución provisional: Falta documentación indicada na base 4.3 (Informe Vida laboral do CCC dende 01/03 á data solicitude).

Síntese da alegación: Presentación de toda a documentación requirida en tempo e forma, aportando o documento que así o acredita.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que consta o informe de Vida laboral e que non foi tido en conta para a resolución do expediente, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.22 N° de expediente: EMP/2391/2020 Solicitante: 43564056D

Causa de desestimación resolución provisional: Concorre o suposto de vinculación con outra entidade que tamén é solicitante.

Síntese da alegación: Non existe vinculación ao ter renunciado á subvención correspondente a outra entidade.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, e tida en conta a renuncia presentada, compróbase que o solicitante reúne os requisitos para ser beneficiario, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.23 N° de expediente: EMP/2407/2020 Solicitante: B70322805

Causa de desestimación resolución provisional: Concorre o suposto de vinculación con outra entidade que tamén é solicitante.

Síntese da alegación: Non existe vinculación ao ter renunciado á subvención correspondente a outra entidade.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, e tida en conta a renuncia presentada, compróbase que o solicitante reúne os requisitos para ser beneficiario, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.24 N° de expediente: EMP/2449/2020 Solicitante: 32661757D

Causa de desestimación resolución provisional: Falta documentación indicada na base 4.3 (Designación conta bancaria segundo modelo T-TES-01).

Síntese da alegación: O documento T-TES-01 xa consta presentado no Concello.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante xa indicaba na súa solicitude que constaba noutro expediente tramitado por este Concello, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.25 N° de expediente: EMP/2285/2020 Solicitante: Y1101782G

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (CIF ou NIF)

Síntese da alegación: Por erro foi presentado o NIE caducado, aportando o documento en vigor.

Resultado das alegacións: Ao estar presentada a solicitude cos seus documentos asinados co certificado electrónico, prevalece a acreditación da personalidade do interesado coa sinatura electrónica, polo que procede estimar as alegacións presentadas.

1.26 N° de expediente: EMP/2201/2020 Solicitante: 32680758N

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (CIF ou NIF) / Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual ACTUALIZADO) / Falta declaración responsable asinada dixitalmente.

Síntese da alegación: Ten acreditada a documentación e aportou a documentación requirida.

Resultado das alegacións: O estudo das alegacións da como resultado a comprobación de existencia dun erro na requirimento efectuado á solicitante, ao transcribir código 011, en lugar de código 012 de falta de poder. Non habendo sido requirida a tal fin, e tralo requirimento efectuado, a solicitante emenda correctamente este erro, admitindo por tanto como válida a representación. Constando a documentación que acredita o cumprimento dos requisitos no expediente, presentada en tempo e forma, procede estimar as alegacións.

Así mesmo procede corrixir de oficio, os erros detectados na Resolución de concesión provisional, na tramitación dos seguintes expedientes, resultando favorables:

1.27 N° de expediente: EMP/1604/2020 Solicitante: 32683946A

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Informe Vida laboral do CCC dende 01/03 á data solicitude).

Resultado revisión de oficio: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante presentou a documentación exixida en tempo e forma.

1.28 N° de expediente: EMP/1705/2020 Solicitante: 32617615G

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual).

Resultado revisión de oficio: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante presentou a documentación exixida en tempo e forma.

1.29 Nº de expediente: EMP/2023/2020 Solicitante: 76399578

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual).

Resultado revisión de oficio: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante presentou a documentación exixida en tempo e forma.

1.30 Nº de expediente: EMP/2357/2020 Solicitante: B15702814

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual).

Resultado revisión de oficio: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante presentou a documentación exixida en tempo e forma.

1.31 Nº de expediente: EMP/2359/2020 Solicitante: 32668027T

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual).

Resultado revisión de oficio: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante presentou a documentación exixida en tempo e forma.

1.32 Nº de expediente: EMP/2363/2020 Solicitante: 32656311Z

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual).

Resultado revisión de oficio: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante presentou a documentación exixida en tempo e forma.

1.33 Nº de expediente: EMP/2411/2020 Solicitante: 32701218W

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual).

Resultado revisión de oficio: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante presentou a documentación exixida en tempo e forma.

1.34 Nº de expediente: EMP/2413/2020 Solicitante: 32709558Q

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual).

Resultado revisión de oficio: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante presentou a documentación exixida en tempo e forma.

1.35 Nº de expediente: EMP/2429/2020 Solicitante: 32685700D

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual).

Resultado revisión de oficio: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante presentou a documentación exixida en tempo e forma.

1.36.- Nº de expediente: EMP/2007/2020 Solicitante: X6981488E

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Certificado de Situación Censual) e NIE en vigor.

Resultado revisión de oficio: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, ao estar presentada a solicitude cos seus documentos asinados co certificado electrónico, prevalece a acreditación da personalidade do interesado coa sinatura electrónica. Compróbase que o solicitante presentou a documentación exixida en tempo e forma.

SEGUNDO.- Non procede estimar as seguintes alegacións, polos motivos que se indican, presentadas polos seguinte solicitantes:

2.1 Nº de expediente: EMP/1546/2020 Solicitante: B70472667

Causa de exclusión: Non cumprir os requisitos do grupo I.

Síntese da alegación: A actividade desenvolvida pola empresa non estaba autorizada a abrir con motivo da declaración do estado de alarma.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o requisito exixido para solicitar polo grupo I é que os beneficiarios se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, non estando incluída a actividade da empresa na relación de equipamentos e actividades cuxa apertura ao pública queda suspendida, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.2 Nº de expediente: EMP/1568/2020 Solicitante: B70444724

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Resolución ERTE).

Síntese da alegación: Aporta a documentación causa da exclusión.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que se ben poido ter error na presentación do documento, requirido non foi emendado, non acreditando a resolución favorable do ERTE. O trámite de alegacións concedido na resolución provisional de concesión non ten por obxecto mellorar a solicitude, e aceptalos produciría unha vulneración dos dereitos doutras persoas interesadas no procedemento de concorrencia competitiva, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.3 Nº de expediente: EMP/1572/2020 Solicitante: 76409631C

Causa de exclusión: Falta poder de representación válido segundo o disposto no artigo 5.4 da Lei 39/2015 ou apoderamento apud acta.

Síntese da alegación: Presentou en tempo e forma a documentación exixida.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o poder de representación non se axusta á forma de acreditación establecida no artigo 5.4 da Lei 39/2015, e esixido polo Concello, e que non foi emendado, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.4 Nº de expediente: EMP/1574/2020 Solicitante: 32692548A

Causa de exclusión: Falta certificado positivo ATRIGA

Síntese da alegación: Por erro non foi presentada a documentación requirida, polo que se aporta coas alegacións.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a documentación que é causa de exclusión non foi aportada en tempo e forma, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.5 Nº de expediente: EMP/1656/2020 Solicitante: 53517760A

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Informe Vida laboral do CCC dende 01/03 á data solicitude).

Síntese da alegación: Por erro material involuntario non foi aportado o documento correcto, que acompaña coas alegacións.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a documentación que é causa de exclusión foi aportada de forma extemporánea, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.6 Nº de expediente: EMP/1702/2020 Solicitante: B15874555

Causa de exclusión: Modelo T-TES-01 incompleto. Non está asinado pola persoa solicitante ou, no seu caso, representante.

Síntese da alegación: Está presentada a documentación obxecto de exclusión asinada de puño y letra pola administradora e representante da empresa.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o T-TES-01 é un documento dixital, incorporado como documento do expediente, non sendo cumprimentado na forma establecida, e requirido para emendar, non foi emendado, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.7 Nº de expediente: EMP/1731/2020 Solicitante: 52440057B

Causa de exclusión: Non cumprir os requisitos do grupo I.

Síntese da alegación: Presentou a concesión de cese de actividade pola Mutua, e non existe ningún listado no que se especifiquen os CNAES que se poden acoller á subvención.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o requisito exixido para solicitar polo grupo I é que os beneficiarios se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, non estando incluída a actividade do solicitante na relación de equipamentos e actividades cuxa apertura ao pública queda suspendida. Ademais, o documento non é o esixido nin acredita estar polo peche segundo o citado Real Decreto, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.8 Nº de expediente: EMP/1813/2020 Solicitante: B70199161

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Designación conta bancaria segundo modelo T-TES-01).

Síntese da alegación: En ningún momento foron requiridos para emendar os datos incluídos no modelo T-TES-01 nin se lles comunica que o número de conta é incorrecto, unha vez comparado co que consta na certificación bancaria.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o número de conta que figura no modelo T-TES-01 non coincide co que consta na certificación bancaria, non sendo emendado, e non estando polo tanto, o requisito debidamente cumprimentado, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.9 N° de expediente: EMP/1847/2020 Solicitante: 45860165M

Causa de exclusión: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2.

Síntese da alegación: Por error da AEAT se aportou un certificado censual incorrecto, polo que se aporta a documentación acreditativa do domicilio fiscal.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que un dos requisitos para ser beneficiario é ter o domicilio fiscal no municipio de Narón no momento da solicitude, extremo que non queda acreditado coa documentación aportada, xa que se refire a períodos distintos, anteriores e posteriores á solicite, pero non no período de solicitude, que era cando tería que cumprirse o requisito, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.10 N° de expediente: EMP/1969/2020 Solicitante: 32679482R

Causa de exclusión: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2 (ao corrente coa AEAT e TXSS).

Síntese da alegación: Na data de solicitude da axuda non consta ningunha débeda coa Seguridade Social, e respecto á débeda coa AEAT na data de presentación da solicitude non lle constaba a existencia de débedas, aportando documentación acreditativa de estar ao corrente.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a información solicitada á AEAT e TXSS, previa autorización do solicitante, acreditaba a existencia de débedas.

Un dos requisitos exixidos para ser beneficiario da subvención é estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa EAT e coa TXSS, e da documentación aportada dedúcese que o solicitante non tiña débedas pendentes coa TXSS nas datas de presentación da solicitude e das alegacións, pero si coa AEAT na data de solicitude, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.11 N° de expediente: EMP/2083/2020 Solicitante: 32673900P

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Informe Vida laboral do CCC dende 01/03 á data solicitude).

Síntese da alegación: Presentou toda a documentación requirida.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o informe de vida laboral aportado polo solicitante non é o documento exixido nas bases da convocatoria, e que requirido non foi emendado, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.12 Nº de expediente: EMP/2089/2020 Solicitante: B70051172

Causa de exclusión: Non cumprir os requisitos do grupo III

Síntese da alegación: Aportan documentación corrixida.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que non constan os documentos que se aportan coas alegacións. O trámite de alegacións concedido na resolución provisional de concesión non ten por obxecto mellorar a solicitude, e aceptalos produciría unha vulneración dos dereitos doutras persoas interesadas no procedemento de concorrència competitiva, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.13 Nº de expediente: EMP/2119/2020 Solicitante: B70593181

Causa de exclusión: Non cumprir os requisitos indicados na base 4.2 (ao corrente coa AEAT e TXSS).

Síntese da alegación: A empresa ten acordada coa AEAT e TXSS un aprazamento de débedas, aportando documentación.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que a información solicitada á AEAT e TXSS, previa autorización do solicitante, acreditaba a existencia de débedas no momento da solicitude. Un dos requisitos exixidos para ser beneficiario da subvención é estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa EAT e coa TXSS, extremo que non queda acreditado coa documentación aportada, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.14 Nº de expediente: EMP/2121/2020 Solicitante: 76406192P

Causa de exclusión: Falta documentación indicada na base 4.3 (Informe Vida laboral do CCC dende 01/03 á data solicitude).

Síntese da alegación: Presentou toda a documentación requirida, aportando o xustificante de presentación no Concello.

Resultado das alegacións: Unha vez revisada a documentación existente no expediente, compróbase que o solicitante presentou unha solicitude de emenda por requirimento á que, comprobado o expediente electrónico, non se axuntou documentación algunha, no podendo dar por válida a presentada coas alegacións por extemporánea. O trámite de alegacións concedido na resolución provisional de concesión non ten por obxecto mellorar a solicitude, e aceptalos produciría unha vulneración dos dereitos doutras persoas interesadas no procedemento de concorrència competitiva, polo que procede desestimar as alegacións presentadas.

2.15 Nº de expediente: EMP/2137/2020 Solicitante: 32694535N

